FROITEANDO

MÚSICA, ROBÓTICA E VIDA SAUDABLE




ANTES DE COMEZAR...

Un pouco de teoría!


- Que é un circuíto eléctrico.
- Materiais condutores e aillantes
- Placa Makey Makey


Que é un circuíto eléctrico?

Un circuíto eléctrico é a unión de dous ou máis elementos que permiten a circulación da corrente eléctrica .




Circuíto aberto ou pechado?






Circuíto aberto ou pechado?



aberto

pechado



A diferenza entre un e outro é que cando un circuíto está pechado, a electricidade pode circular, mentres que se está aberto non.

Materiais condutores e aillantes

Condutores



Os materiais condutores permiten que a electricidade pase por eles. Os metais son bos condutores e, polo tanto, os cables eléctricos están feitos de cobre.

Aillantes




Os illantes non permiten que a electricidade pase por eles . A madeira, o papel e o plástico son illantes.

Placa Makey-Makey


Para facer funcionar o makey-makey todo o que hai que facer é:

- Pechar circuítos entre o condutor marcado co rótulo “ EARTH” (terra) e calquera dos condutores marcados coas frechas, coa tecla “SPACE” ou coas letras W, A, S, D, F, G.




Placa Makey-Makey

Simplemente conectamos un cable ou algún material condutor entre “EARTH” e o condutor que nos interese probar.
Podemos usar os cables con terminacións de pinza de crocodilo que veñen incluídos no kit makey-makey.



Cables de pinza de crocodilo




Placa Makey-Makey

O código que utilizamos é moi sinxelo.


Nós programamos as letras:

W, A, S, D, F

Aquí un exemplo:







E a tocar!

